

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE MAIO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA PARA O ANO 2017 NO CAMPUS DE VIGO.

Atendendo á R.R. do 31 de xaneiro de 2017, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar cursos de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no ano 2017 e os acordos da Comisión Ordinaria de Extensión Universitaria e Estudiantes de data 26 de abril de 2017, esta reitoría acorda ditar a seguinte,

RESOLUCIÓN

Facer pública a listaxe de cursos de Extensión Universitaria concedidos para o ano 2017 no campus de Vigo, que se relacionan no folleto adxunto.

Establecer o inicio do prazo de inscrición o día 29 de maio de 2017 e a finalización 5 días naturais antes do comezo de cada curso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo

Vigo, 25 de maio de 2017
O xefe de Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Corderi Salgado

En Vigo a 24 de maio de 2017
O REITOR
PD R.R. 7/5/2014 -DOG 13/5/2014
O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais

Manuel Fernández Iglesias

